



Concello de Vimianzo

ORDENANZA MUNICIPAL DE INSTALACIÓN DE RÓTULOS E CARTEIS PUBLICITARIOS, VISIBLES DESDE A VÍA PÚBLICA.-

Capítulo I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artículo 1º.-A presente Ordenanza será de aplicación para todas as instalacións de rótulos e carteis publicitarios visibles desde a vía pública que se realicen neste Término Municipal.

Artículo 2º.-O Término Municipal queda dividido nas seguintes zonas:

- 1.-Zona do casco urbano, que comprende as seguintes rúas: Álvaro Cunqueiro; Antonio Vázquez Mouzo; Do Candil; Castelao; Codeseiras; Curros Enríquez; Evaristo Martelo; Rúa I; Praza Concello; Rosalía de Castro; Tedín; Tras do Muíño; Trasouteiro e Vilar.
- 2.-Zona monumental do Castelo de Vimianzo, comprendendo a rúa de: A Torre.
- 3.-Zona Travesías das estradas A Coruña-Fisterra; Vimianzo-Camariñas; Muxía-Negreira, que comprende: En Vimianzo rúa Blanco Rajoy, rúa Trasariz; en Bamiro: A Piroga e Baíñas.
- 4.-Zona rural que comprende o resto de todos os lugares do Municipio.

Artículo 3º.-Rexerán por canto a rótulos e carteis de publicidade relaciónanse, esta Ordenanza as Disposicións da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, R.D.Legislativo 781/86 de 18 de abril, Texto Refundido de Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, Texto Refundido aprobado por R.D. 1346/76, de 9 de abril e demais normativa susceptible de aplicación á presente.

Artículo 4º.-Non poderá executarse, por parte de particulares, sen previa licenza do Concello, obras de instalación de rótulos ou carteis publicitarios visibles desde a vía pública, en edificios, solo, subsolo ou voo do Término Municipal.

A tal efecto dirixirase, por triplicado, instancia do interesado acompañada da seguinte documentación:

- Plano de emprazamento e lugar de colocación relacionándoo coa alineación de vial, perímetro da finca e situación nela.
- Plano de tamaño, forma, materiais, cores e outras características do soporte publicitario, así como o contido da mensaxe.
- Declaración ou compromiso de manter a instalación en perfectas condicións de seguridade e ornato.
- Valoración do custe real do rótulo ou cartel e instalación.

Artículo 5º.-Os propietarios serán responsables, con arranxo ás Leis, das transgresións e prexuízos que se cometan ao realizar as obras de instalación de rótulos ou carteis.



Concello de Vimianzo

CAPÍTULO II

Artículo 6º.-A instalación de rótulos ou carteis publicitarios na zona descrita no apartado 1 do artigo 2º, da presente ordenanza, haberá de respectar e cumprir os seguintes requisitos:

A) A instalación de rótulos e carteis haberá de respectar as alineacións fixadas polas beirarrúas, sen que a anchura destes poida sobrepasar o ancho da beirarrúa. Cando no exista beirarrúa, o rótulo ou cartel publicitario non poderá ter unha anchura superior a UN METRO e CINCUENTA CENTÍMETROS (1,50 ms.).

B) Non se poderán instalar rótulos ou carteis publicitarios, en forma de bandeirola a unha distancia inferior a TRES METROS e SESENTA CENTÍMETROS (3,60 cm) sobre o chan ou vía pública.

C) Se o rótulo ou cartel publicitario está totalmente adosado á parede, o ancho do mesmo, tanto en setido vertical como horizontal, non poderá superar o 50% da anchura da fachada.

D) Se o rótulo ou cartel publicitario fose luminoso, a súa instalación terá que realizarse en conformidade á regulamentación vixente en materia de instalacións eléctricas.

Artículo 7º.-Os rótulos ou carteis publicitarios que se instalen nas zonas descritas nos apartados 2 e 4 do artigo 2º da presente ordenanza terán que cumprir os seguintes requisitos:

A) Procurarse que os rótulos ou carteis publicitarios se adapten nas súas características ao contorno en canto a formato, colorido e luminosidade.

B) Teranse que cumprir os demais requisitos esixidos en todos os apartados do artigo anterior.

Artículo 8º.-Os rótulos ou carteis publicitarios que se pretendan instalar na zona descrita no apartado 3 do artigo 2º, ademais de cumprir as condicións esixidas no artigo 6º, terá que terse en conta as limitacións existentes para instalacións efectuadas nas inmediacións das vías públicas, segundo a lexislación vixente.

CAPÍTULO III

RÓTULOS RUINOSOS

Artículo 9º.-Tan pronto como se tivese noticia de que un rótulo ameaza ruína ou perigo será recoñecido polo técnico municipal, confirmando este a existencia do perigo, requeriráselle ao interesado para que proceda ao seu aseguramento no término de vinte e catro horas, transcurridas as cales sen facelo, adoptaranse de oficio as medidas pertinentes a costa do interesado.

CAPÍTULO IV

MODIFICACIÓN DE RÓTULOS



Concello de Vimianzo

Artículo 10º.-Non poderán executarse por particulares, sen previa autorización do Concello, obras de reforma de rótulos ou reparación dos mesmos.

Artículo 11º.-Calquera modificación ou reforma dos rótulos xa instalados, terán que cumprir as condicións esixidas na presente ordenanza para a instalación dos mesmos.

CAPÍTULO V

EXECUCIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN

Artículo 12º.-Para dar principio da instalación do rótulo ou cartel publicitario deberá terse obtido previamente a correspondente licenza urbanística. Non poderán introducirse modificacións na instalación do rótulo ou cartel suxeitos á presente ordenanza, sen obter nova autorización, precedida dos mesmos trámites.

Transcurridos seis meses despois de obtida a licenza, sen facer uso da mesma, darase por caducada, sendo necesaria unha nova concesión para realizar as obras que se solicitaron, con novo pago de arbritrios municipais.

Así mesmo, unha interrupción durante a execución da obra, por un prazo superior a seis meses, será motivo de caducidade como o caso anterior, a non ser que esta paralización obedeza a causa xusta ou forza maior, o que se poñerá en coñecemento do Concello tan pronto sobreveña.

Artículo 13º.-Durante a instalación do rótulo ou cartel publicitario, a autoridade municipal competente, a oficina técnica ou técnico municipal comprobará que esta executase con arranxo ás condicións de licenza e coas prescricións desta ordenanza, debéndose comprobar que a posición do rótulo ou cartel, dimensións e altura, adecúase a estas normas.

Artículo 14º.-Sempre que se instale un rótulo ou cartel publicitario sen contar coa preceptiva licenza, ou sen axustarse ás disposicións desta ordenanza ou normativa legal aplicable, as autoridades competentes actuarán en conformidade ao preceptuado na normativa que poda ser de aplicación.

Artículo 15º.-Acordado polo órgano local competente a retirada dun rótulo ou cartel publicitario, requiriráselle ao propietario do mesmo a fin de que de forma voluntaria proceda nun prazo de corenta e oito horas a súa retirada. Transcurrido este prazo sen verificarse, procederá o Concello a executar subsidiariamente a custe do interesado ao acordo de retirada ou demolición.

Artículo 16º.-Non se permitirá que a instalación de rótulos ou carteis publicitarios quede sen concluír de modo que afeen o ornamento público. A autoridade municipal poderá dar as disposicións oportunas para remedialo, podendo mandar que se practiquen os traballos necesarios pola brigada municipal, a custe do interesado.



Concello de Vimianzo

Artículo 17º.-Durante a instalación, reparación, reforma ou derrubamento dun rótulo ou cartel publicitario, todo o fronte da casa ou solar onde se practiquen as mencionadas obras, colocárase o correspondiente valado de obra, impedíndose na zona el tránsito de persoas ou vehículos.

Artículo 18º.-Cando a Autoridade Local proceda á retirada dun rótulo publicitario, en conformidade ao preceptuado na normativa aplicable, e o interesado non se fixera no acto cargo do mesmo, este depositárase nas instalacións municipais, remunerándose as correspondentes taxas municipais por depósito.

CAPÍTULO VI

Artículo 19º.-A instalación de rótulos ou carteis publicitarios sen contar coa preceptiva licenza municipal ou non axustarse a instalación ás condicións esixidas na licenza será sancionada de conformidade ao estipulado na normativa urbanística aplicable.

DISPOSICIÓN FINAL

Quedan derogadas todas as disposicións contidas en Ordenanzas Municipais de data anterior e os Bandos que se opoñan á presente Ordenanza.